

FONÉTICA E FONOLOXÍA

A fonética e a fonoloxía son disciplinas lingüísticas que se ocupan dos sons da lingua.

Que é a fonética?

A **fonética** estuda as realización dos sons, é dicir, a pronunciación real dos fonemas, a materialización física dun fonema.

Os sons transcríbense entre corchetes [‘teto].

Que é a fonoloxía?

A **fonoloxía** estuda a articulación dos sons da linguaxe en relación aos significados: as diferenzas fónicas ligadas ás diferenzas de significado. Por exemplo, a palabra *teto* está formada por catro fonemas /t/ /e/ /t/ /o/, mais se cambiamos o fonema /t/ polo fonema /p/ obtemos unha palabra distinta: *peto*.

A fonoloxía, polo tanto, estuda os **fonemas**: unidades lingüísticas mínimas, abstractas, sen significado, que permiten diferenciar palabras.

O **sistema fonolóxico galego** consta de **26 fonemas**: 7 vocálicos e 19 consonánticos.

Fonemas vocálicos: constitúen o núcleo silábico e poden formar sílaba por si sós.

Fonemas consonánticos: constitúan a marxe silábica (explosiva ou implosiva) e precisan dunha vogal para formaren sílaba.

Os fonemas transcríbense entre barras / ‘teto/ .

Letra	Fonema	Exemplo
A, a	/a/	ama /ama/
B, b	/b/	barco /barko/
C, c	/θ/	cea /θea/
	/k/	urco /urko/
D, d	/d/	dado /dado/
E, e	/e/	feo /feo/
	/ɛ/	ferro /fero/
F, f	/f/	folla /foʎa/
G, g	/g/	gato /gato/
H, h	Ø	hoxe /oʎe/
I, i	/i/	pita /pita/
L, l	/l/	lira /lira/
M, m	/m/	mapa /mapa/

N, n	/n/	nada /nada/
Ñ, ñ	/ɲ/	viño /biɲo/
O, o	/o/	soño /soɲo/
	/ɔ/	forte /fɔrte/
P, p	/p/	pucho /putʃo/
Q, q	/k/	qatarí /kata'ri/
R, r	/r/	querer /ke'rer/
	/r/	rato /rato/
S, s	/s/	ser /ser/
T, t	/t/	toro /toro/
U, u	/u/	furna /furna/
V, v	/b/	vivir /bi'bir/
X, x	/ʃ/	xantar /ʃan'tar/
	/ks/	exame /ɛk'same/
Z, z	/θ/	zapato /θa'pato/

Dígrafos		
Letra	Fonema	Exemplo
CH, Ch, ch	/tʃ/	murcho /murtʃo/
GU, Gu, gu	/g/	guerra /gera/
LL, Ll, ll	/ʎ/	milllo /miʎo/
NH, nh	/ɲ/	unha /uɲa/
QU, Qu, qu	/k/	quilo /kilo/
RR, rr	/r/	carro /karo/

Cómpre ter en conta que:

- ◆ A un fonema lle poden corresponder varias grafías: **base e vaso** → /b/
- ◆ A unha grafía poden corresponderlle diferentes fonemas: **casa** → /k/
- ◆ **cesta** → /θ/
- ◆ A unha grafía non lle corresponde ningún fonema: **hoxe** → Ø

Caracterización dos fonemas


Os fonemas dunha lingua defínense atendendo a tres trazos distintivos:

- ◆ **Sonoridade:** distingue entre **fonemas xordos** e **fonemas sonoros** segundo vibren ou non as cordas vocais.
- ◆ **Punto de articulación:** é o lugar concreto do aparato fonador onde se produce un fonema (e os órganos que interveñen na súa articulación). Por este trazo distinguimos:

Consoantes		Vogais
bilabiais	alveolares	anteriores ou palatais
dentais	palatais	central
labiodentais	velares	posteriores ou velares
interdentais		

- ◆ **Modo de articulación:** é a posición que adoptan os órganos no momento de expulsar o aire.

Consoantes		Vogais
oclusivas	nasais	abertas
fricativas	laterais	medias
africadas	vibrantes	pechadas



O sistema consonántico

Os fonemas consonánticos do sistema fonolóxico galego caracterízanse polo modo de articulación, o punto de articulación e a sonoridade.

Modo de articulación		
oclusivas	Retense totalmente o aire e sae de golpe.	/p/ /t/ /k/ /b/ /d/ /g/
fricativas	A cavidade bucal estréitase e o aire sae rozando.	/f/ /θ/ /s/ /ʃ/
africadas	Nun primeiro momento, obstrúese a saída de aire e posteriormente expúlsase cun leve rozamento.	/tʃ/
nasais	O aire sae polas fosas nasais.	/m/ /n/ /ɲ/ /ŋ/
laterais	O aire sae polos lados da lingua.	/l/ /ʎ/
vibrantes	Ao saír o aire fai vibrar a lingua. Pode ser simple /r/ ou múltiple /r/.	/r/ /r̄/

Punto de articulación		
bilabiais	Entre os dous labios.	/p/ /b/ /m/
dentais	A punta da lingua aproxímase aos dentes superiores.	/t/ /d/
labiodentais	O labio inferior toca os dentes superiores.	/f/
interdentais	A punta da lingua sitúase entre os dentes.	/θ/
alveolares	A punta da lingua aproxímase aos alvéolos.	/l/ /n/ /s/ /r/ /r̄/
palatais	A parte central da lingua achégase ao padal.	/ʃ/ /tʃ/ /ʎ/ /ɲ/
velares	A parte posterior da lingua achégase ao veo do padal.	/k/ /g/ /ŋ/

Sonoridade		
sonoras	Vibración mínima das cordas vocais.	/b/ /d/ /g/ /m/ /n/ /ɲ/ /ŋ/ /l/ /ʎ/ /r/ /r/
xordas	Maior vibración das cordas vocais.	/p/ /t/ /k/ /f/ /θ/ /s/ /ʃ/ /tʃ/

Trucos mnemotécnicos: sabendo as palabras “pataca” e “bodega” temos identificados todos os fonemas consonánticos oclusivos; coas palabras “pataca”, “xuízo” e “chafouse” teremos todos os fonemas consonánticos xordos.

			Punto de articulación													
			bilabiais		dentaís		labiodentaís		interdentaís		alveolares		palataís		velares	
Sonoridade ▶			S	X	S	X	S	X	S	X	S	X	S	X	S	X
Modo de articulación	oclusivas		/b/	/p/	/d/	/t/									/g/	/k/
	fricativas							/f/		/θ/		/s/		/ʃ/		
	africadas													/tʃ/		
	nasais		/m/								/n/		/ɲ/		/ŋ/	
	laterais										/l/		/ʎ/			
	vibrantes	s									/r/					
m										/ɾ/						

Tendo isto en conta, xa podemos definir os fonemas consonánticos. O común é indicar primeiro o modo de articulación, logo o punto de articulación e, por último, a sonoridade. Por exemplo:

/b/: fonema oclusivo bilabial sonoro

Os fonemas vocálicos

Todas as vogais son sonoras, polo que só se se poden diferenciar entre si polo punto e o modo de articulación.

Sons os únicos fonemas que poden actuar como núcleo de sílaba, e poden ser **tónicos** ou **átonos**.

Punto de articulación		Modo de articulación	
anterior	A lingua elévase na parte anterior da boca e aproxímase ao padal.	pechada	Apertura mínima da boca.
central	Lingua en repouso.	semi-pechada	Están a medio camiño entre as pechadas e as abertas.
posterior	A lingua elévase na parte posterior da boca e aproxímase ao veo do padal.	semiaberta	
		aberta	Apertura máxima da boca.

Lugar de articul. Modo de articul.	Anterior	Central	Posterior
Pechada	/i/		/u/
Semipechada ou media pechada	/e/		/o/
Semiaberta ou media aberta	/ɛ/		/ɔ/
Aberta		/a/	

/a/ central, aberta.

/ɔ/ posterior, semiaberta.

/o/ posterior, semipechada.

/u/ posterior, pechada.

/i/ anterior, pechada.

/e/ anterior, semipechada.

/ɛ/ anterior, semiaberta.

Realización dos fonemas vocálicos semiabertos e semifechados

Non existe unha norma infalible para saber que palabras presentan unha vogal semiaberta ou semifechada, mais si existen unha serie de regularidades, que son as seguintes:

/ɛ/		/e/	
Deriva dun e breve latino que en castelán deriva nun ditongo <ie>.	<i>neve, ferro, tempo, pé, pedra...</i>	Palabras rematadas en -eo, -és/esa, -eño/a, -edo, -eda, -ez, -eza, -ello, -ella, -eiro, -eira	<i>alleo, coruñés, caribeño, alameda, nudez, palleiro... *credo, ciprés, vello/a</i>
Palabras agudas coas terminacións -é e -el e os seus plurais.	<i>papel-papeis</i>	Os demostrativos	
Trabado por -l.	<i>melro</i>	Os verbos con infinitivo rematado en -er, -ear.	<i>cean, arreas</i>
Nas seguintes terminacións: -ela, -elo, -encia, -ería, -estre, -er (menos en infinitivos).	<i>cadela, ciencia, mestre, panadería, muller</i>	En ditongos decrecentes (non plurais).	<i>meu, seu, feito, cheiro...</i>
Cando é tónico en esdrúxulas.	<i>médico, célebre</i>	Nomes das letras que non comezan por e-.	<i>be, ce, gue, xe...</i>
Trabado por consoante oclusiva /p, t, k/ (grupos cultos).	<i>precepto, sexo, recto</i>	Seguido de consoante palatal.	<i>fecha</i>
E tónico en palabra grave e rematada en ditongo crecente.	<i>criterio, recua, lería *medio, premio, femia</i>		
Nomes das letras que comezan por e-.	<i>eme, ese, efe...</i>		
A conxunción copulativa e, e palabras como <i>quen, ningún, pero...</i>			
Verbos			
2ª conxugación P2, P3, P6 do Presente de Indicativo	<i>temes, perde, meten...</i>		

dos verbos con alternancia vocálica.			
3ª conjugación P2, P3, P6 do Presente de Indicativo dos verbos con alternancia vocálica.	<i>segues, sente, menten...</i>		
Tema de perfecto dos verbos irregulares.	<i>fixese, tivésemos...</i>		

/ɔ/		/o/	
Deriva dun o breve latino que en castelán deriva nun ditongo <ue>.	<i>sorte, roda, ovo, xogo...</i> <i>*ponte, monte, fonte, lombo, fondo</i>	Palabras rematadas en -oso, -osa, -oño, -oña, -ollo, -olla, -oxo, -oxa, -or, -ora, -ón, -ona, -ozo	<i>curioso, suor, corazón, rolla, noxo, carozo...</i>
Palabras rematadas en -ol e -oz e os seus plurais.	<i>anzol-anzois feroz-feroces</i>	Terminación -oa (en castelán hai <i>n</i> intervocálico).	<i>soa, lagoa, patroa, leoa...</i>
<i>Nas seguintes terminacións: -oco, -oide, -ote, -olo</i>	<i>romboide, rapazote</i>	Ditongos decrecentes.	<i>ouro, moito, soute</i>
<i>Trabado por consoante oclusiva /p, t, k, b, g/ (grupos cultos).</i>	<i>doctor, robot, óptimo, obter</i>	Seguido de consoante palatal.	<i>solla</i>
O tónico en palabra grave e rematada en ditongo crecente.	<i>historia, odio, cenoria, dormitorio</i>		
Cando é tónico en esdrúxulas.	<i>código, lóxico</i> <i>*cóbado</i>		
As palabras con acento diacrítico só, bóla, óso, nós...			
Verbos			
2ª conjugación P2, P3, P6 do Presente de Indicativo dos verbos con alternancia vocálica.	<i>corres, come, collen...</i>	Tempos de perfecto de <i>ir</i> e <i>ser</i> .	<i>fose, for, fomos</i>
3ª conjugación P2, P3, P6 do Presente de Indicativo dos verbos con alternancia vocálica.	<i>dormes, xorden, recorre...</i>		

A sílaba

A **sílaba** é cada un dos golpes de voz cos que se pronuncia unha palabra. Está formada por un ou máis fonemas agrupados arredor dunha vogal, que é o núcleo, e pode ter ou non marxes.

O **núcleo** sempre é un vogal

A **marxe** silábica son os fonemas dunha sílaba que non forman parte do núcleo. Pode ser:

Marxe **explosiva** (prenuclear): **ca-sas**, **pron-to**, **lou-rei-ro**

Marxe **implosiva** (posnuclear): **ca-sas**, **pron-to**, **lou-rei-ro**

Clasificación das sílabas					
Segundo o fonema final			Segundo a posición do acento*		
Libres	Rematan en vogal.	ca-sas, tou-ro	Tónicas	Recae o acento da palabra.	lou-rei-ro
Trabadas	Rematan en consoante.	ca-sas, sal-món	Átonas	Non ten o acento da palabra.	lou-rei-ro
*O acento é a maior intensidade coa que se pronuncia unha sílaba fronte ás demais sílabas da palabra.					

Normas para dividir as palabras en sílabas

- ◆ Se aparecen **dúas consoantes** entre vogais, cada unha xúntase coa máis próxima:

hos-tal ad-xec-ti-vo

agás cando formen grupo, isto é, cando a segunda sexa *l* ou *r* e a primeira *b, c, d, f, g, p, t*; neste caso, as dúas consoantes fan sílaba coa seguinte vogal:

ca-ble a-fron-tar so-bre

- ◆ Se hai **tres consoantes** entre dúas vogais, as dúas primeiras van na sílaba da vogal precedente e a outra na da seguinte:

ins-ti-tu-to obs-tá-cu-lo

excepto se as dúas últimas forman grupo consonántico (como no caso anterior):

cóm-pli-ce om-brei-ro

- ◆ Se hai **catro consoantes** entre dúas vogais, as dúas primeiras van coa vogal precedente e as outras coa seguinte:

abs-trac-ción cons-tru-ír

- ◆ Os **dígrafos** *ch, ll, nh* e *rr* non se poden separar, porque representan fonemas únicos; sempre van en posición explosiva (inicio de sílaba):

sa-cho al-gu-nha go-rra

- ◆ Nalgunhas palabras derivadas por prefixación é posible separar o prefixo da base léxica:

des-an-dar sub-ur-ba-no